

IES PLURILINGÜE RAFAEL DIESTE

Participación no fondo solidario de libros de texto e convocatoria de axudas para adquirir libros de texto e material escolar para o curso escolar 2024/2025. **DOG Núm. 96 (luns, 20 de maio de 2024)**

DESTINATARIOS

Todo o alumnado que no vindeiro curso 2024/2025 curse 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO deberá realizar a solicitude, ata o 21 de xuño de 2024.

Fondo solidario de libros de texto	O alumnado que curse 1º, 2º, 3º ou 4º da ESO recibirá: 6 libros para renda per cápita familiar ≤ 6.000 €, ou alumnado en garda ou tutela Xunta. 4 libros para renda per cápita familiar > 6.000 € e ≤ 10.000 €.
Axudas para adquirir libros de texto	270 € para alumnado con NEAE – ESO e renda per cápita familiar ≤ 6.000 €. 180 € para alumnado con NEAE – ESO e renda per cápita familiar > 6.000 € e ≤ 10.000 €. 270 € para alumnado con NEAE - ESO en garda ou tutela da Xunta. 300 € ou 6 libros para alumnado con discapacidade ≥ 65%. 300 € para Educación Especial
Axudas para adquirir material escolar	75 € para o alumnado da ESO con renda per cápita familiar ≤ 6.000€, alumnado con necesidades educativas (NEAE), ou con discapacidade ≥ 65% ou de Educación Especial, ou en garda ou tutela da Xunta. 60 € para o alumnado da ESO con renda per cápita familiar > 6.000 € e ≤ 10.000 €.

PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

Na convocatoria actual poderase realizar a solicitude accedendo á aplicación informática Fondolibros (<https://www.edu.xunta.gal/fondolibros>), e unha vez que teñan cubertos todos os datos deberán gardala, obtendo así o número de solicitude, e poderán optar polas seguintes formas de presentación:

- **Presentación no centro:** Neste caso imprimirán a solicitude (anexo I) e o anexo II, e presentaranos no centro, debidamente asinados, xunto coa documentación.
- **Presentación na Sede Electrónica da Xunta de Galicia.** (<https://sede.xunta.gal>)

Documentación necesaria no caso de presentación no centro educativo:

1. Solicitude (anexo I) e anexo II (debido ao cambio na normativa, solicitarase o consentimento expreso das persoas que figuren no anexo II para consultar a declaración do imposto sobre a renda das persoas físicas ou, a falta desta, o certificado tributario de imputacións do exercicio fiscal 2022). É dicir, só haberá unha única solicitude para cada familia con fillos admitidos no mesmo centro.
2. Copia e orixinal do libro de familia ou documento equivalente onde figuren todos os membros computables.
3. En caso de separación ou divorcio, ademais deberán achegar a sentenza xudicial e/ou convenio regulador onde conste a atribución da custodia do/a menor.

Documentación complementaria, se procede:

3. Copia e orixinal do certificado do **grao de discapacidade** do/a alumno/a ou calquera membro da familia recoñecido por un órgano que non pertenza á Xunta de Galicia.
4. Copia e orixinal da documentación xustificativa da situación de **violencia de xénero** no ámbito familiar.
5. Copia e orixinal da resolución xudicial de **incapacitación** con patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
6. Copia e orixinal da resolución administrativa ou xudicial acreditativa da situación de acollemento ou do certificado do centro de menores, para o **alumnado en situación de tutela ou garda da Xunta de Galicia**.
7. Copia e orixinal do certificado de convivencia, volante de convivencia ou informe dos servizos sociais ou do órgano equivalente do concello onde resida a familia, **no caso de que o pai e a nai ou o titor ou tutores carezan de DNI e NIE.**

CALENDARIO

Trámites	Prazo	Observacións
Devolución de libros texto para alumnado que cursou 1º, 2º, 3º ou 4º de ESO no curso 2023/24	Ata o 30 de xuño de 2024	A falta de devolución será causa de exclusión da participación no fondo solidario e das axudas do material escolar no curso 2024/25.
Presentación solicitudes	Do 20 de maio ata o 21 de xuño de 2024	O alumnado que repita 4º ESO terá de prazo un mes desde a formalización da matrícula. O alumnado que se incorpore ao centro docente desde centros de fóra de Galicia ou privados non concertados disporá dun mes desde a formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 1 de abril de 2025.
Publicación listaxes provisionais	12 de xullo de 2024	Haberá dous días hábiles para a presentación de reclamacións.
Entrega vales de axudas en xullo	A partir do 26 de xullo de 2024	Emenda de erros detectados nos vales: 10 días hábiles desde que se recibe o vale. Uso dos vales nas librerías e demais establecementos antes do 10 de abril de 2025.
Publicación de listaxes definitivas	26 de xullo de 2024	
Entrega de libros de texto ao alumnado	Do 11 ao 25 de setembro de 2024	Darase ao alumnado un <u>documento de entrega</u> para ser asinado polo pai, nai, titor/a ou representante legal.